

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0849	Análise capilar	2023/2024	4	107	128

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MELCA FEIJÓO COVELO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), m), n), s) e u) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), k), p) e q).

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O Órgano cutáneo: anatomía e fisioloxía da pel e o pelo	descrición do órgano cutáneo e dos seus anexos	40	30
2	Alteracións do cabelo e coiro cabeludo	explicación e distinción das posibles alteracións capilares	10	10
3	Alteracións de mans, pes e unllas	explicación e distinción das posibles alteracións presentes nos anexos cutáneos	10	10
4	a preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares	explicación das diferentes áreas onde se realiza a análise e o tratamento específico e a relación do profesional co cliente	15	10
5	O análise capilar. a ficha técnica	explicación do análise capilar e a elaboración da ficha técnica	14	10
6	Protocolos de tratamento. cosméticos utilizados	elaboración de protocolos específicos segundo as alteracións identificadas no análise	20	15
7	a aplicación de coidados capilares	estudio dos movementos básicos do masaxe capilar	14	10
8	Deontoloxía profesional	concreción dos dereito, deberes e normas a observar na profesión	5	5

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O Órgano cutáneo: anatomía e fisioloxía da pel e o pelo	40

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o órgano cutáneo, identificando a súa estrutura e as súas alteracións.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características e elementos que compoñen o relevo cutáneo.
CA1.2 Defínense as características xerais da pel.
CA1.3 Descríbense os aspectos macroscópicos e microscópicos da pel, a súa irrigación e a súa inervación.
CA1.4 Descríbiuse a fisioloxía cutánea relacionándoa coas estruturas anatómicas.
CA1.5 Descríbiuse o proceso de melanoxénese e queratinización.
CA1.6 Detállase a estrutura dos anexos cutáneos en relación coas funcións que realizan e o estado da pel.
<b>CA1.6.1 detalláronse as estruturas anexas, queratinizadas e glandulares</b>
CA1.7 Analizáronse as funcións da pel.
CA1.8 Especificáronse os tipos de pelo, e establecéronse as súas características e os criterios de clasificación.
CA1.9 Xustificouse o carácter cíclico do crecemento piloso.
CA1.10 Recoñecéronse as características e os compoñentes do cabelo.
CA1.11 Relacionouse o estado do cabelo coa irrigación sanguínea.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Estrutura e funcións do órgano cutáneo: Estrutura macroscópica e microscópica da pel: epiderme, derme e tecido celular subcutáneo. Vascularización e inervación. Anexos cutáneos: glándulas e anexos córneos. Funcións da pel e anexos.
Pelo: estrutura e funcións; composición química; propiedades físicas e químicas. Ciclo piloso.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Alteracións do cabelo e coiro cabeludo	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o órgano cutáneo, identificando a súa estrutura e as súas alteracións.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.11 Relacionouse o estado do cabelo coa irrigación sanguínea.
CA1.12 Relacionáronse as características dunha pel normal coas súas posibles variacións e a súa repercusión capilar.
CA1.13 Caracterizáronse as alteracións do cabelo e a súa importancia no ámbito do peiteado.
CA1.14 Especificáronse os efectos do sol na pel e no cabelo.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Alteracións do cabelo e do coiro cabeludo: clasificación e características. Alteracións estruturais. Alteracións cromáticas. Alteracións do coiro cabeludo: seborrea, descamación e pitiriasis. Pel e cabelo baixo a influencia da radiación solar.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Alteracións de mans, pes e unllas	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o órgano cutáneo, identificando a súa estrutura e as súas alteracións.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.15 Recoñecéronse as alteracións específicas de mans, pés e uñas.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Variacións nos parámetros dunha pel normal: concepto de alteración, tipos e características básicas.
Alteracións específicas de mans, pés e uñas.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	a preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares	15

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara a área de traballo e os equipamentos de análise e coidados capilares, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as instalacións onde se realiza o proceso de análise capilar.
CA2.2 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA2.3 Identifícanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA2.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA2.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.
CA2.6 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA2.7 Caracterizáronse as posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de análise capilar.
CA2.8 Identifícanse as normas de hixiene e desinfección imprescindibles na área de análise capilar.
CA2.9 Aplicáronse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización máis adecuados á área de análise capilar.
CA2.10 Identifícanse os aparellos e os equipamentos usados na análise capilar.
CA2.11 Clasifícanse os equipamentos complementarios para os coidados estéticos capilares.
CA2.12 Relacionouse o fundamento científico de cada un coas súas indicacións e contraindicacións.
CA2.13 Estableceuse o xeito de emprego e mantemento.
CA2.14 Interpretáronse os datos obtidos cos equipamentos de análise capilar.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Area de análise capilar: espazos, equipamento e ambiente.
0Descrición, bases científicas e interpretación de resultados obtidos.
Pautas de aplicación e precaucións na súa aplicación: indicacións e contraindicacións.
Equipamentos complementarios nos coidados estéticos capilares: tipos e clasificación. Descrición e fundamento científico. Normas de emprego e precaucións de uso. Indicacións e contraindicacións relacionadas coa súa utilización.
Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).

**Contidos**

Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal.

Importancia do traballo en equipo.

Recepción e atención á clientela para o proceso de análise capilar. Normas para a primeira cita.

Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.

Seguridade e hixiene na análise capilar. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.

Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante a análise capilar. Hixiene postural e ergonomía.

Equipamentos empregados na análise estética capilar: tipos e clasificación.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O análise capilar. a ficha técnica	14

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza a análise da pel e os seus anexos, describindo e aplicando as técnicas de observación e análise do cabelo e do coiro cabeludo.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Caracterizáronse as fases do protocolo de análise.
CA3.2 Identificáronse os datos que permiten obter información útil para a análise capilar.
CA3.3 Elaborouse a documentación necesaria para o rexistro da información.
CA3.4 Especificouse a preparación do material e os equipamentos necesarios para realizar o servizo de análise.
CA3.5 Estableceuse a secuencia do proceso de realización da análise: observación directa, con lupa e outros métodos complementarios.
CA3.6 Empregáronse os equipamentos de análise segundo a secuencia do proceso.
CA3.7 Manexáronse a lupa, a luz de Wood e outros métodos de análise complementarios para a observación do estado do cabelo e o coiro cabeludo.
CA3.8 Aplicáronse métodos de exploración do cabelo.
CA3.9 Comprobouse a posible existencia de alteracións.
CA3.10 Realizouse a recollida de información na ficha técnica ou no expediente da clientela.
CA3.11 Emitiuse o diagnóstico e realizouse a proposta de cuidados capilares a partir da información obtida na entrevista persoal e nos resultados da exploración.
CA3.12 Indicouse cando, como e por que se debe derivar a persoa usuaria cara a superiores ou diferentes profesionais.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Fases do protocolo de análise: acomodación, entrevista, exame visual e exploración.
Estudo da información. Diagnóstico e proposta de cuidados capilares. Informe a superiores.
Derivación cara a superiores ou diferentes profesionais.
Identificación dos datos que permiten obter información útil para o análise capilar
Elaboración da documentación: ficha de análise capilar.
Técnicas de detección de necesidades e recollida de datos.
Técnicas de observación e exploración.

Contidos

Manexo da lupa, luz de Wood para a observación do estado do cabelo e coiro cabeludo

Aplicación de métodos de exploración do cabelo

Comprobación da posible existencia de alteracións

Relación dos datos obtidos coa súa posible derivación a outros profesionais

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Protocolos de tratamento. cosméticos utilizados	20

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Deseña procedementos de cuidados capilares e analiza as fases do proceso.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterizáronse as fases dun protocolo.
CA4.2 Establecéronse as pautas de elaboración de protocolos para os cuidados capilares en descamacións e en cabelo seco e fráxil.
CA4.3 Elaboráronse protocolos para o mantemento de cabelos tinguidos, descolorados e con permanente.
CA4.4 Determináronse os medios, as técnicas e os materiais necesarios.
CA4.5 Caracterizouse a duración e o número de sesións de cada protocolo.
CA4.6 Realizáronse diferentes tipos de protocolos en perruquería
CA4.7 Caracterizáronse e recoñecéronse os cosméticos empregados nos cuidados capilares
CA4.8 Establecéronse as pautas de elaboración de protocolo para o cuidados estéticos capilares en cabelo graso.
CA4.9 Establecéronse as pautas de elaboración de protocolos para os cuidados estéticos capilares en alopecias.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Protocolo de traballo.  Tipos de protocolos en perruquería  Protocolos de cuidados capilares en descamacións e en cabelo graxo, seco e fráxil. Clasificación de utensilios, materiais e cosméticos necesarios para a realización dos cuidados capilares. Clasificación de técnicas manuais e equipamentos. Protocolo de mantemento en cabelos tinguidos, descolorados e con permanente. Clasificación de utensilios, materiais e cosméticos necesarios para os cuidados capilares. Clasificación de técnicas e equipamentos.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	a aplicación de cuidados capilares	14

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica cuidados capilares, integrando medios técnicos, manuais e cosmetolóxicos.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Determináronse os tipos de manobras da masaxe capilar.
CA5.2 Relacionáronse os parámetros das manobras da masaxe coas indicacións.
CA5.3 Aplicáronse técnicas de masaxe nos cuidados capilares.
CA5.4 Integráronse técnicas manuais, equipamentos e cosméticos na aplicación de cuidados do cabelo.
CA5.5 Establecéronse as recomendacións e as informacións postratamento.
CA5.6 Realizouse a desinfección e/ou esterilización dos materiais e dos aparellos.
CA5.7 Aplicáronse medidas para a eliminación dos residuos xerados.
CA5.8 Mantívose unha actitude ecolóxica na eliminación dos residuos xerados.
CA5.9 Xustificouse a valoración do resultado obtido como factor de calidade do proceso.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Protocolos estándar e personalizados. Adaptación do protocolo estándar ás necesidades e as demandas da persoa usuaria.
Masaxe capilar: clasificación e pautas de realización das manobras; efectos da masaxe, indicacións e contraindicacións. Técnicas de masaxe nos cuidados capilares estéticos: procedemento e pautas de aplicación.
Aplicación do protocolo individualizado: criterios de selección e integración de técnicas, equipamentos e cosméticos.
Recomendacións postratamento.
Aplicación de medidas de desinfección e esterilización dos utensilios e dos materiais utilizados en condicións de seguridade e hixiene.
Avaliación e seguimento de resultados.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Deontoloxía profesional	5

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Cumpre as normas de deontoloxía profesional e valora a súa repercusión no desenvolvemento da profesión.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Estableceuse o concepto de deontoloxía profesional.
CA6.2 Valorouse a aplicación de normas deontolóxicas no desenvolvemento profesional.
CA6.3 Determináronse os deberes e as obrigas do persoal profesional.
CA6.4 Valorouse a importancia e a repercusión do traballo honesto.
CA6.5 Xustificouse a necesidade do segredo profesional na profesión.
CA6.6 Traballouse con criterios de respecto pola diferenza.
CA6.7 Valorouse a repercusión da lei de protección de datos no exercicio profesional do peiteado.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Concepto de deontoloxía.
Deberes e obrigas do profesional.
Lei de protección de datos na profesión de peiteado.
Dereitos dos profesionais.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado d de cada una das unidades didácticas), e son os seguintes:

UD1: O Órgano cutáneo: anatomía e fisioloxía da pel e o pelo

- 1.3 - Descríbense os aspectos macroscópicos e microscópicos da pel, a súa irrigación e a súa inervación.
- 1.4 - Descríbese a fisioloxía cutánea relacionándoa coas estruturas anatómicas.
- 1.8 - Especificáronse os tipos de pelo, e establecéronse as súas características e os criterios de clasificación.
- 1.9 - Xustificouse o carácter cíclico do crecemento piloso

UD 2: Alteracións do cabelo e coiro cabeludo

- 2.1- Relacionouse o estado do cabelo coa irrigación sanguínea.
- 2.2- Relacionáronse as características dunha pel normal coas súas posibles variacións e a súa repercusión capilar.
- 2.3- Caracterizáronse as alteracións do cabelo e a súa importancia no ámbito do peiteado.

UD 3: Alteracións de mans, pes e unllas

- 3.1- Recoñécéronse as alteracións específicas de mans, pés e uñas

UD 4: a preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares

- 4.2- Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
- 4.3- Identifícanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
- 4.6 - Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
- 4.7- Caracterizáronse as posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de análise capilar.
- 4.9 - Aplicáronse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización máis adecuados á área de análise capilar.
- 4.10- Identifícanse os aparellos e os equipamentos usados na análise capilar.
- 4.12 - Relacionouse o fundamento científico de cada un coas súas indicacións e contraindicacións.
- 4.13 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento.
- 4.14 - Interpretáronse os datos obtidos cos equipamentos de análise capilar.

UD 5: O análise capilar. a ficha técnica

- 5.2 - Identifícanse os datos que permiten obter información útil para a análise capilar.
- 5.3- Elaborouse a documentación necesaria para o rexistro da información..
- 5.5 - Estableceuse a secuencia do proceso de realización da análise: observación directa, con lupa e outros métodos complementarios.
- 5.6 - Empregáronse os equipamentos de análise segundo a secuencia do proceso.
- 5.7 - Manexáronse a lupa, a luz de Wood e outros métodos de análise complementarios para a observación do estado do cabelo e o coiro

cabeludo.

5.8 - Aplicáronse métodos de exploración do cabelo.

5.9 - Comprobouse a posible existencia de alteracións.

UD 6: Protocolos de tratamento. cosméticos utilizados

6.1-- Caracterizáronse as fases dun protocolo.

6.2- Establecéronse as pautas de elaboración de protocolos para os cuidados capilares en descamacións e en cabelo seco e fráxil.

6.3 - Elaboráronse protocolos para o mantemento de cabelos tinguidos, descolorados e con permanente.

6.4 - Determináronse os medios, as técnicas e os materiais necesarios.

6.5- Caracterizouse a duración e o número de sesións de cada protocolo.

UD.7:

7.1- Determináronse os tipos de manobras da masaxe capilar.

7.2 - Relacionáronse os parámetros das manobras da masaxe coas indicacións.

7.3 - Aplicáronse técnicas de masaxe nos cuidados capilares.

7.4- Integráronse técnicas manuais, equipamentos e cosméticos na aplicación de cuidados do cabelo.

7.5- Establecéronse as recomendacións e as informacións postratamento.

7.6 - Realizouse a desinfección e/ou esterilización dos materiais e dos aparellos

UD 8: Deontoloxía profesional

8.1-- Estableceuse o concepto de deontoloxía profesional.

a avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de probas teóricas.

## AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento central da práctica educativa. A información que proporciona servirá como punto de partida para a actuación pedagóxica.

A avaliación debe realizarse en tres momentos:

Avaliación inicial que permite saber aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceitos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa cosmovisión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación procesual, facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe e integrada nel. De carácter eminentemente formativo, as súas conclusións parciais retroalimentarán dito proceso, potenciando a atención á diversidade.

Avaliación final, co fin de establecer o grao de alcance das finalidades propugnadas polos obxectivos e os criterios de avaliación.

## SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avaliaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación.

Nas avaliacións realizaranse probas escritas, que abranguen exames e que constituirán o noventa por cen da nota, e un dez por cen será os traballos, cuestionario...propostos polo profesor

A nota de cada avaliación será a nota media obtida entre os dous exames realizados en cada avaliación, xunto coa a nota dos traballos en ponderación 90:10. 90% media dos exames e 10% a media dos traballos

Si alguna das probas escritas avaliadas ten una cualificación inferior ao 4.5 a nota da avaliación será inferior a 5.

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

-Alumnado que aproba a avaliación será: aqueles que teñan todas as probas escritas cunha nota superior ao 4.5 sobre 10 e a calculo entre o 90% da media das probas escritas mais o 10% da media dos traballos sexa igual o superior ao 5. No caso de dar fraccións se procederá da seguinte maneira:

-Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso

-Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza

-Alumnado que non aproba a avaliación: aqueles cunha nota en alguna proba escrita que non acade os 4.5 puntos ou a nota da ponderación entre o 90% da media das probas escritas eo 10% da nota dos traballos non alcance o 5 sobre 10. Neste caso a nota da avaliación nunca será superior ao 4

A nota final do curso obtida polo alumno/a será a media das notas obtidas nas avaliacións, sempre e cando estean aprobadas.

Sancionarase coa cualificación dun un nesa avaliación cando se comprobé que o alumno/a non actuou limpamente ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades referentes aos mínimos esixibles cos que se acadan os obxectivos do módulo e similares as realizadas ao longo da impartición do módulo

E o alumnado con algunha avaliación suspensa realizará unha única proba teórica da avaliación sendo esta porba o cen por cen da nota

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Proba en xuño con actividades referentes aos contidos do módulo e similares as realizadas ao longo da impartición do módulo, unha única porba teórica.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións de departamento tratarase de forma habitual o cumprimento da programación didáctica o longo do curso

O sistema de calidade fai necesario unha revisión trimestral do cumprimento da programación e a planificación das medidas correctivas pertinentes de cara o resto do curso.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comenzo das actividades do curso, Transcurrido polo menos 1 mes o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente

nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Poderase realizar un cuestionario previo (oral ou escrito), nunha sesión ou varias, con preguntas que permiten coñecer ao profesor aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceptos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa visión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haberen alumn@s con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motores, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e programas específicos de intervención coa axuda do departamento de orientación

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais deben impregnar todo o proceso educativo dos ciclos formativos. Partimos dunha tarefa educativa que non só faga boas e bos profesionais, senón persoas con criterios, con análise e visión crítica. Fomentar o respecto, tolerancia, liberdades e igualdade entre as persoas.

É importante promover no alumnado pautas de condutas saudables, a valoración da propia imaxe como parte da personalidade e potenciar e mellorar a autoestima e o autoconcepto.

#### TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

I. Educación moral e cívica. Elaborar de forma autónoma e racional, a través do diálogo cos outros, de principios xerais de valor que axuden a enxuciar criticamente a realidade. Conseguir que os mozos fagan seus todos os tipos de comportamento coherente cos principios e normas construídas. Lograr que adquiran normas democráticas e xustas.

II. Educación para a paz. Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo. Desenvolver a autonomía e autoafirmación individual. Introducir a reflexión sobre distintas formas de violencia.

III. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos. Rexeito ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un sexo. Posibilidade de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación e de analizar as súas causas. Adquisición de formas de comportamento acordes con estes principios.

IV. Educación ambiental. Respetar o entorno físico e natural. Comprender as actividades humanas e a súa repercusión na natureza.

III. Educación do consumidor. Rexeito ó consumismo e a degradación do medio ambiente. Responsabilidade dos alumnos como consumidores.

IV. Educación para a saúde. Desenrolar a capacidade dos alumnos para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural. Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento.

Reflexionar sobre as sustancias que prexudican o organismo e adquirir hábitos de saúde de acordo a elo.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Segundo transcurra o curso e/ou teñamos posibilidade:

- Asistencia e participación en cursos e demostracións de diversas firmas comerciais.
- Visitas concertadas a museos e exposicións.
- Asistencia a galas de perruquería e beleza e desfiles de moda para ampliar os criterios e visión que conforman a Imaxe Persoal.

## 10. Outros apartados

### 10.1) VARIOS

METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DO ENSINO A DISTANCIA

**SEMIPRESENCIAL:** No centro adoptáronse as medidas para optar polo ensino presencial. Se por motivos de saúde pública (como foi nos cursos previos a pandemia do COVID) ou por motivos de saúde persoal do alumnado, este non pode asistir o ensino presencial, o procedemento a seguir con este alumnado é o mesmo que no suposto de clases non presenciais.

**NON PRESENCIAL:** Co alumnado que non poda asistir ao centro por motivos de saúde pública ou persoal (citado no apartado previo) o ensino será non presencial. O procedemento será o seguinte. O profesor indicará na aula virtual e/ou google classroom ou por correo electrónico as actividades a realizar, explicacións de contidos, correccións de exercicios..... Tamén será a canle de contacto para resolver dúbidas e planificar videoconferencias (Zoom e/ou Webex). No caso de alumnado que non dispoña de medios telemáticos a información se lle comunicará por correo postal.